

Tema 4. Agostiño de Hipona: ética e política.

1. A ética de Agostiño de Hipona: o libre arbitrio.

O home, igual que no pensamento platónico, divídese na filosofía de Agostiño en alma e corpo pero o que o define verdadeiramente é a alma: o corpo non é máis que unha ferramenta para vivir no mundo sensilbe. Deus dota á alma humana de múltiples facultades entre as que podemos destacar á **vontade**. Deste xeito o ser humano é quen de decidir libremente, posúe **libre albedrío**. A partir de aquí Agostiño introduce a súa tese sobre a **liberdade e o mal**.

Ademáis de numerosas herexías Agostiño tivo que enfrontar a aqueles que negaban a existencia de Deus, entre os argumentos máis potentes contra a existencia dun ser superior atopábase o seguinte: se Deus existe e é pura bondade e omnipotencia, **de onde procede o mal?**. **Agostiño distinguirá, para responder a esta pregunta, entre o mal ontolóxico e o mal moral, o mal ontolóxico non existe en si, non existe por si mesmo e de forma independente, senón que debe ser considerado como ausencia de ben, é dicir, como non-ser.** Se o queremos ilustrar cun exemplo podemos dicir que a enfermidade non é máis que a ausencia do ben, neste caso da saúde. Así, Deus non é considerado responsable da existencia do mal, o que atentaría contra os atributos que definen a súa perfección.

Por outro lado o pensamento agostiño ten que enfrontarse á noción do mal moral. As inxustizas e perversidades das que somos testemuñas, tales como as guerras e as pandemias, son para Agostiño **resultado do mal uso que os seres humanos facemos da liberdade que Deus nos outorgou**. O pecado é froito da vontade humana que, en lugar de dirixirse a Deus, oríéntase cara cousas de menor categoría. Renunciar a Deus implica unha mala elección, significa empregar de xeito erróneo a facultade da vontade coa cal fomos creados.

A liberdade permítenos escoller entre o ben e o mal, unha facultade que diferencia aos seres humanos dos animais. Con todo, Agostiño considera que os seres humanos tendemos cara o mal polo que a salvación só será posible coa axuda de Deus. Aparece aquí o debate sobre se Agostiño é o primeiro representante da doutrina da *sola fide*, isto é, se a salvación depende só da fe, sendo froito da Gracia divina que o Creador só dá aos que xa están predestinados a salvarse.

2. A política: a Cidade de Deus.

A elección entre orientarse a Deus ou ao mundano divide aos seres humanos en dous grupos: aqueles que pertencen **á cidade de Deus e que o aman por riba de todas as cousas e aqueles que pertencen á cidade terrena, a de todos aqueles que se poñen a si mesmos por riba de todo, Deus incluído**. A historia da humanidade explícase a partir do conflito ou **dialéctica** entre estas dúas cidades, culminando cando a dos crentes e os xustos se impoñen á dos impíos e pecadores.

Esta tese aparece, precisamente, na obra que leva por título *"A cidade de Deus"*, onde

Tema 4. Agostiño de Hipona: ética e política.

Agostiño desenvolve as súas ideas políticas. Foi escrita para responder a aqueles que acusaban aos cristiáns de ser a causa da caída e desmantelamento do Imperio Romano, xa que os pagáns que adoraban aos antigos deuses situaban a orixe da crise do Imperio coa época na que cristianismo se convertiu na relixión oficial do mesmo.

A partir de aquí Agostiño explica a historia como un conflito entre as cidades do Ben e do Mal, a de Deus e a terrenal. A **cidade de Deus** é a de aqueles que **seguen a súa palabra**, a terrenal a de aqueles que **non cren**. A primeira vencerá na fin dos tempos, tal e como sinalan as Sagradas Escrituras na Apocalipse. Este conflito entre os crentes, que alcanzarán a felicidade, e o resto da sociedade adianta a concepción que o autor terá sobre a relación entre o Estado e a Igrexa. Desconfiará do poder político, polo que este deberá limitarse a velar polas cousas mundanas e terrenales (a xustiza, a paz ou o benestar) e terá unha xustificación divina. A Igrexa, representante do poder divino, terá prioridade sobre o poder político: **igual que a razón debe ser unha serva da fe o Estado debe ser un servo da Igrexa.**

